



Recomendación ao Concello do Carballiño para que dea cumprimento á normativa de protección fronte aos ruídos e resolva todas as denuncias da Policía Local dos anos 2018 e 2019 referidas a un local de ocio

Expediente: C.8.Q/4337/19

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución, iniciouse o expediente de queixa arriba referenciado como consecuencia do escrito de ██████████ á sobre a problemática de ruídos dun pub situado no baixo do edificio onde reside nese Concello do Carballiño.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente indicaba que en data 20/08/2019, núm. rexistro 2019-E-RC6529, presentara escrito no Concello do Carballiño, referido a alta música e ruído do local ██████████, situado no baixo do edificio da rúa ██████████. Indicaba que perturba o dereito ao descanso e a saúde, toda vez que non pode durmir na vivenda situada no piso 2º dese enderezo debido ao elevado volume da música procedente dese establecemento. Refería non ter resposta do concello.

Admitida a queixa a trámite, solicitouse informe a ese concello en data 13-09-2019 a fin de coñecer o curso dado ao escrito presentado pola promotora do expediente. Dito informe houbo de ser requirido posteriormente en dúas ocasións, o 17-10-2019 e o 21-11-2019.

Finalmente foi remitido en data 7 dos correntes (entrada 127/20) sinalándose no informe da Policía Local dese concello de data 30 de decembro do 2019 o seguinte:

"PRIMERO: No consta que se haya realizado ninguna medición de ruido en el citado local por parte de este ayuntamiento, de técnico o empresa externa.

SEGUNDO: Cualquier medición efectuada por la Policía Local solo tendría un valor estimativo, nunca probatorio. De todas formas, este cuerpo no cuenta con medios técnicos para realizar esa prueba de aproximación dado que no fue repuesto el sonómetro del que se disponía y que tras sufrir una avería quedo inutilizado.

TERCERO: La Policía Local ha formulado varias denuncias sobre todo por infracciones a la *ley 2/2017 de 8 de febrero de Medidas Fiscales Administrativas y de Ordenación; a la Ley 9/2013, de 19 de diciembre del emprendimiento y de la Competitividad Económica de Galicia.*

CUARTO: Todas las denuncias se encuentran en fase de instrucción, incluso aquellas de 2018 ya que en el ayuntamiento se ha producido un error administrativo que debió ser salvado mediante una asesoría jurídica externa. Cabe recordar que al tratarse de infracciones graves tienen un plazo de prescripción de dos años, por lo que aún están dentro de plazo."

Xuntábase a dito informe diferentes dilixencias policiais de denuncias por estar aberto o local e con elevado volume de música fora do horario autorizado para a actividade tanto relativas ao ano 2018 como 2019.

## ANÁLISE

As inmisións de rúidos que alcanzan o interior das vivendas, provenientes do exercicio de actividades en locais de ocio nocturno, provocan molestias que inciden na calidade de vida dos seus moradores e que poden chegar a implicar unha intromisión contraria ao dereito constitucional á inviolabilidade do domicilio e á intimidade persoal e familiar da cidadanía que as soportan.

Nese senso, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos na súa xurisprudencia, considera que os poderes públicos deben adoptar medidas razoables e adecuadas ante o incumprimento da normativa en materia de rúidos, ao afectar ao benestar e aos dereitos dos cidadáns e privarlles do seu dereito a gozar no seu domicilio da súa vida privada e familiar.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional delimitou cales son os dereitos constitucionais afectados polo factor de perturbación do desenvolvemento da vida das persoas que, con

carácter principal, motiva a queixa, isto é, polo ruído ou contaminación acústica ou polas vibracións indebidas: o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado (art. 45 CE), o dereito á protección da saúde (artigo 43 CE), o dereito á integridade física e moral (art. 15 CE), o dereito á intimidade (art. 18.1.CE) e o dereito á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2 CE).

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 18.g), non só contempla a protección contra a contaminación acústica como competencia propia dos entes locais, senón que tamén contempla o dereito da veciñanza a esixir o exercicio desa competencia, polo que é obrigada a intervención municipal ante os problemas veciñais xurdidos por contaminación acústica.

Todas as administracións públicas están obrigadas, no ámbito das súas respectivas competencias, a protexer os dereitos constitucionais dos cidadáns (art. 53.1 CE) e, por tanto, neste punto concreto dos ruídos que invaden os domicilios, as administracións han de actuar dun modo eficaz para conseguir a redución aos límites fixados polo ordenamento xurídico.

No caso dos municipios, por ser o primeiro nivel de actuación, así resulta das atribucións competenciais outorgadas pola Lei Reguladora de Bases do Réxime Local. Os municipios gozan para a protección dos dereitos dos cidadáns de diversas potestades, entre as que se atopan as de inspección e sanción, debendo adoptar as medidas correctoras necesarias, con ou sen vinculación a un expediente sancionador e sen prexuízo do seu papel mediador nos casos nos que concorran diversos intereses da veciñanza, en aras da boa convivencia.

A intervención administrativa debe seguir o principio de legalidade, en canto que todas as actividades susceptibles de provocar molestias por ruído deben cumprir coas esixencias que establece o ordenamento xurídico, e no que a Administración Local non pode descoñecer a súa obriga de intervención e control, por tratarse de actividades con incidencia no medio ambiente e na saúde das persoas.

Na problemática desta queixa, segundo constan nas diferentes dilixencias da Policía Local, o local controlado " [REDACTED] " permaneceu aberto e con actividade e elevado volume de música empregando amplificadores fora do horario adecuado á actividade da licenza expedida, en reiteradas ocasións durante os anos 2018 e 2019. Na práctica o referido local veu desenvolvendo actividade de pub, cando a licenza municipal é de "café-bar".

A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia nos artigos 51 e seguintes tipifica as infraccións en materia de actividades e as clasifica en moi graves, graves e leves. Neste caso, a pesar das denuncias reiteradas da Policía Local, por infraccións graves (a lo menos sete do ano 2018 e cinco do ano 2019), e das queixas da promotora deste expediente, non consta que o Concello do Carballiño adoptara medida

cautelar algunha o que motivará que ao coñecer que con data 30 de decembro a Policía Local dese concello informa que todas as denuncias se atopan aínda en fase de instrución, se formule a seguinte recomendación.

## CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considérase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello do Carballiño a seguinte RECOMENDACIÓN

*" Que realice as actuacións precisas para dar cumprimento á normativa de protección fronte aos rúidos e resolva nos prazos previstos na normativa de aplicación, todas as denuncias da Policía Local referidas ao " ██████████ " que se atopan en fase de instrución, e no seu caso, adopte cantas medidas cautelares procedan"*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración saúdoo atentamente

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo